O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias,

(Documento asinado dixitalmente)

Sandra Vázquez Domínguez

## PRESIDENTE DO PARLAMENTO DE GALICIA

Dirección xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

Pazo de Raxoi. Praza do Obradoiro.

Santiago de Compostela. 15705

Tfno. 981 54 49 19

Email. [relacionsinstitucionais@xunta.gal](mailto:relacionsinstitucionais@xunta.gal)



Asinado dixitalmente por:

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 13/05/2025 22:20:11





XUNTA  
DE GALICIA

CONSELLERÍA DE  
PRESIDENCIA,  
XUSTIZA E DEPORTES



PARLAMENTO DE GALICIA  
REXISTRO XERAL ENTRADA  
Data asento: 15/05/2025 11:33:26  
Nº Rexistro: 25569  
Data envío: 15/05/2025 11:33:26.174  
Data 15/05/2025 11:33

**Asunto:** Remisión contestación parlamentaria.

En relación coa pregunta con resposta oral en Pleno, **número 14779**, formulada polo Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, a iniciativa de dona Olalla Rodil Fernández, dona Montserrat Valcárcel Armesto e dona Montserrat Prado Cores, sobre **"as previsións que ten a Xunta de Galicia canto ao mantemento das dúas prazas actuais de persoal facultativo das que dispón o cadro sanitario do Centro de Saúde do Páramo"**, convertida en escrita por fin do período de sesións setembro-decembro de 2024, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Sanidade**, que ten o seguinte contido:

"Actualmente existen 2 prazas no Páramo con 622 e 462 T.I.S. Actualmente ambas prazas se atopan cubertas".

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias,  
*(Documento asinado dixitalmente)*

Sandra Vázquez Domínguez

## PRESIDENTE DO PARLAMENTO DE GALICIA

Dirección xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

Pazo de Raxoi. Praza do Obradoiro.

Santiago de Compostela. 15705

Tfno. 981 54 49 19

Email. [relacionsinstitucionais@xunta.gal](mailto:relacionsinstitucionais@xunta.gal)



Asinado dixitalmente por:

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 15/05/2025 11:33:25





XUNTA  
DE GALICIA

CONSELLERÍA DE  
PRESIDENCIA,  
XUSTIZA E DEPORTES



PARLAMENTO DE GALICIA  
REXISTRO XERAL ENTRADA  
Data asento: 15/05/2025 11:33:12.752  
Nº Rexistro: 25567  
Data envío: 15/05/2025 11:33:12.752  
Data 15/05/2025 11:33

**Asunto:** Remisión contestación parlamentaria.

En relación coa pregunta con resposta oral en Pleno, **número 14892**, formulada polo Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, a iniciativa de dona Paloma Castro Rey, dona Elena Espinosa Mangana e dona Silvia Longueira Castro, sobre “**as previsións da Xunta de Galicia no que concirne a unha mellora do servizo de logopedia na Área Sanitaria de Pontevedra e O Salnés**”, convertida en escrita por fin do período de sesións setembro-decembro de 2024, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **ConSELLERÍA DE SANIDADE**, que ten o seguinte contido:

“Dende a renuncia do Hospital Quirón á continuidade asistencial dos nenos da Área Sanitaria en tratamento por logopetas, fixérонse ata 8 contratos de longa duración de logopetas. Isto, co engadido dos profesionais do SERGAS, que son agora os que de maneira coordinada cos médicos especialistas en rehabilitación, deciden o número de sesións axeitadas a cada paciente de maneira individualizada”.

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias,

(*Documento asinado dixitalmente*)

Sandra Vázquez Domínguez

## PRESIDENTE DO PARLAMENTO DE GALICIA

**Dirección xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias**

Pazo de Raxoi. Praza do Obradoiro.

Santiago de Compostela. 15705

Tfno. 981 54 49 19

Email. [relacionsinstitucionais@xunta.gal](mailto:relacionsinstitucionais@xunta.gal)



Asinado dixitalmente por:

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 15/05/2025 11:33:12





**Asunto:** Remisión contestación parlamentaria.

En relación coa pregunta con resposta oral en Comisión, **número 9805**, formulada polo Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, a iniciativa de dona Carmen Rodríguez Dacosta, dona Elena Espinosa Mangana e dona Silvia Longueira Castro, sobre **"os datos relativos que presenta Galicia nos parámetros de porcentaxe de remuneración de asalariados respecto do PIB, de remuneración de asalariados por hora e de custo laboral unitario real, así como sobre as medidas que prevé adoptar o Goberno galego para mellorar esta situación"**, convertida en escrita por fin do período de sesións setembro-decembro de 2024, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **ConSELLERÍA DE EMPREGO, COMERCIO E EMIGRACIÓN**, que ten o seguinte contido:

"O PIB pola vía das rendas consta de tres compoñentes: a remuneración de asalariados, que comprende toda a remuneración en efectivo e, en especial, a pagar polos empregadores aos seus asalariados, incluíndo os soldos e as cotizacións sociais; o excedente bruto de explotación (EBE), que se interpreta coma o beneficio neto obtido polas empresas; e os impostos netos sobre a producción e as importacións.

Segundo os últimos datos da Contabilidade trimestral de Galicia publicados polo IGE – publicadas o 28 de febreiro de 2025-, no ano 2023, a remuneración de asalariados tivo un peso do 43,9% sobre o PIB galego, mentres que en España - segundo os datos da Contabilidade trimestral nacional do INE- este peso acada un 47,8%. Desde os comezos da serie histórica (1995), Galicia presenta, tradicionalmente, un peso menor deste compoñente comparada con España, pero Galicia tamén ten, desde sempre, un salario medio inferior ao nacional.

Os últimos datos das contas económicas trimestrais galegas sinalan que no terceiro trimestre de 2024, o salario medio bruto – a remuneración por posto de traballo asalariado- acada os 9.167 euros (ou os 3.056 euros mensuais), mentres que en España é de 10.049 euros (3.350 euros se o medimos mensualmente). Non obstante, en interanual, este indicador medrou un 6% en Galicia e un 4,7% en España.

A produtividade aparente e real no conxunto do ano 2024 aumentou en Galicia nun 1,9%, con respecto ao ano 2023, un crecemento moi superior ao producido en 2023, cunha produtividade real do 0,2%. Por trimestres, no 3.º trimestre de 2024 produciuse un aumento do 2,3%, mentres que no 4.º trimestre o aumento foi do 2,2%.

O indicador que relaciona estas magnitudes, o custo laboral unitario real, medra en Galicia no 3.º trimestre de 2024 nun 1%, o que quere dicir que, segundo os últimos datos dispoñibles, o crecemento da remuneración por asalariado en Galicia supera o crecemento da produtividade e dos prezos.

#### Dirección xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

Pazo de Raxoi. Praza do Obradoiro.

Santiago de Compostela. 15705

Tfno. 981 54 49 19

Email. [relacionsinstitucionais@xunta.gal](mailto:relacionsinstitucionais@xunta.gal)





XUNTA  
DE GALICIA

CONSELLERÍA DE  
PRESIDENCIA,  
XUSTIZA E DEPORTES



PARLAMENTO DE GALICIA  
REXISTRO XERAL ENTRADA  
Data asento: 14/05/2025 09:30:00  
Nº Rexistro: 25462  
Data envío: 13/05/2025 22:20:23,448

A continuación, amósanse outros datos sobre asalariados a considerar que mostran que están a medrar en Galicia a un ritmo maior que en España:

Os últimos datos da Enquisa Trimestral de Custo Laboral referidos ao cuarto trimestre de 2024 sinala que, no último ano (4.º trimestre 2023 / 4.º trimestre 2024), o salario medio mensual galego medrou un 4,77% e acadou a cifra de 2.195,84 euros. No conxunto de España, a taxa foi do 3,52% e o salario medio acada os 2.442,32 euros, o que significa que Galicia presenta un ritmo de subida dos salarios total de 1,26 puntos superior ao estatal. Galicia é a 6.ª comunidade na que máis medran os salarios no último ano.

Producíndose un incremento salarial durante este último ano nos tres sectores de actividade, na industria aumentan os salarios interanuais nun 7,32% -o ritmo de subida supera ao conxunto estatal en 4,06 puntos-. Pola súa parte, no sector servizos, a subida foi do 3,99% -o incremento tamén supera ao estatal, neste caso, en 0,11 puntos-. Por último, o sector da construcción rexistra un ascenso interanual do 1,63%, mentres que en España diminúe nun 0,44%.

Se atendemos aos salarios por hora traballada no último ano, medraron un 3,46% en Galicia ata acadar os 17,35 euros por hora. No conxunto de España, o incremento foi do 2,51% e acadan os 19,21 euros por hora, o que significa que Galicia presenta un ritmo de subida dos salarios de case un punto, superior ao ritmo de subida estatal. Galicia foi a 5.ª comunidade na que máis medraron os salarios no último ano”.

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias,  
(*Documento asinado dixitalmente*)

Sandra Vázquez Domínguez

## PRESIDENTE DO PARLAMENTO DE GALICIA

**Dirección xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias**

Pazo de Raxoi. Praza do Obradoiro.

Santiago de Compostela. 15705

Tfno. 981 54 49 19

Email. [relacionsinstitucionais@xunta.gal](mailto:relacionsinstitucionais@xunta.gal)



Asinado dixitalmente por:

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 13/05/2025 22:20:23





XUNTA  
DE GALICIA

CONSELLERÍA DE  
PRESIDENCIA,  
XUSTIZA E DEPORTES



PARLAMENTO DE GALICIA  
REXISTRO XERAL ENTRADA  
Data asento: 15/05/2025 11:33:32.705  
Nº Rexistro: 25570  
Data envío: 15/05/2025 11:33:32.705  
Data 15/05/2025 11:33

**Asunto:** Remisión contestación parlamentaria.

En relación coa pregunta con resposta oral en Comisión, **número 14778**, formulada polo Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, a iniciativa de dona Olalla Rodil Fernández, dona Montserrat Valcárcel Armesto e dona Montserrat Prado Cores, sobre **“a situación da asistencia médica no Centro de Saúde do Páramo e as previsións da Xunta de Galicia canto ao mantemento das dúas prazas actuais de persoal facultativo das que dispón o seu cadro sanitario”**, convertida en escrita por fin do período de sesións setembro-decembro de 2024, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **ConSELLERÍA DE SANIDADE**, que ten o seguinte contido:

“Actualmente existen 2 prazas no Páramo con 622 e 462 T.I.S. Actualmente ambas prazas se atopan cubertas”.

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias,  
(*Documento asinado dixitalmente*)

Sandra Vázquez Domínguez

## PRESIDENTE DO PARLAMENTO DE GALICIA

**Dirección xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias**

Pazo de Raxoi. Praza do Obradoiro.

Santiago de Compostela. 15705

Tfno. 981 54 49 19

Email. [relacionsinstitucionais@xunta.gal](mailto:relacionsinstitucionais@xunta.gal)



Asinado dixitalmente por:

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 15/05/2025 11:33:32



**Asunto:** Remisión contestación parlamentaria.

En relación coa pregunta con resposta oral en Comisión, **número 14891**, formulada polo Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, a iniciativa de dona Paloma Castro Rey, dona Elena Espinosa Mangana e dona Silvia Longueira Castro, sobre “**a situación do servizo de logopedia na Área Sanitaria de Pontevedra e O Salnés e as previsións da Xunta de Galicia no que concirne a unha mellora da atención nesta especialidade**”, convertida en escrita por fin do período de sesións setembro-decembro de 2024, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Sanidade**, que ten o seguinte contido:

“Dende a renuncia do Hospital Quirón á continuidade asistencial dos nenos da Área Sanitaria en tratamento por logopetas, fixérонse ata 8 contratos de longa duración de logopetas. Isto, co engadido dos profesionais do SERGAS, que son agora os que de maneira coordinada cos médicos especialistas en rehabilitación, deciden o número de sesións axeitadas a cada paciente de maneira individualizada”.

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias,  
(*Documento asinado dixitalmente*)

Sandra Vázquez Domínguez

## PRESIDENTE DO PARLAMENTO DE GALICIA

**Dirección xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias**

Pazo de Raxoi. Praza do Obradoiro.

Santiago de Compostela. 15705

Tfno. 981 54 49 19

Email. [relacionstolucionais@xunta.gal](mailto:relacionstolucionais@xunta.gal)



Asinado dixitalmente por:

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 15/05/2025 11:33:19





XUNTA  
DE GALICIA

CONSELLERÍA DE  
PRESIDENCIA,  
XUSTIZA E DEPORTES



PARLAMENTO DE GALICIA  
REXISTRO XERAL ENTRADA  
Data asento: 15/05/2025 11:32:59  
Nº Rexistro: 25565  
Data envío: 15/05/2025 11:32:59.190  
Data 15/05/2025 11:32

**Asunto:** Remisión contestación parlamentaria.

En relación coa pregunta con resposta oral en Comisión, **número 14974**, formulada polo Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, a iniciativa de dona Iria Taibo Corsanego, dona Iria Carreira Pazos e dona Montserrat Prado Cores, sobre “**o balance da implantación do Plan de hospitalización a domicilio na Área Sanitaria da Coruña e Cee e as previsiones do Goberno galego respecto da eventual inclusión do concello de Sada nos servizos de Hado do Complexo Hospitalario Universitario da Coruña**”, convertida en escrita por fin do período de sesións setembro-decembro de 2024, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **ConSELLERÍA DE SANIDADE**, que ten o seguinte contido:

“Neste momento o Equipo de Soporte Domiciliario (ESAD-Sada), e de xeito complementario ao equipo de medicina e enfermaría familiar e comunitaria do Centro de Saúde de Sada, están a proporcionar os coidados no domicilio cunha visión integral centrada no paciente e na súa contorna. No caso de que a complexidade do paciente e vísese necesario coidados de rango hospitalario, realizase de xeito puntual unha actuación polo equipo de HADO. O ámbito xeográfico de actuación de HADO-CHUAC verase incrementado nos primeiros meses do 2025 (prazas estruturais dese ano) chegando a súa área de influencia ao Concello de Sada de xeito estructural”.

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias,  
(*Documento asinado dixitalmente*)

Sandra Vázquez Domínguez

## PRESIDENTE DO PARLAMENTO DE GALICIA

**Dirección xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias**

Pazo de Raxoi. Praza do Obradoiro.

Santiago de Compostela. 15705

Tfno. 981 54 49 19

Email. [relacionstolucionais@xunta.gal](mailto:relacionstolucionais@xunta.gal)



Asinado dixitalmente por:

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 15/05/2025 11:32:58





XUNTA  
DE GALICIA

CONSELLERÍA DE  
PRESIDENCIA,  
XUSTIZA E DEPORTES



PARLAMENTO DE GALICIA  
REXISTRO XERAL ENTRADA  
Data asento: 15/05/2025 11:30:57  
Nº Rexistro: 25564  
Data envío: 15/05/2025 11:30:57.738  
Data 15/05/2025 11:30

**Asunto:** Remisión contestación parlamentaria.

En relación coa pregunta con resposta escrita, **número 16897**, formulada polo Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia a iniciativa de dona María Elena Espinosa Mangana, dona Carlos López Font e dona Silvia Longueira Castro, sobre **"as previsións que ten a Xunta de Galicia verbo da cobertura de vacantes nas prazas de pediatría do Centro de Saúde de Lalín"**, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **ConSELLERÍA DE SANIDADE**, que ten o seguinte contido:

"A información que demanda esta iniciativa foi ofrecida polo director xeral de asistencia sanitaria da Consellería de Sanidade en resposta á pregunta oral con número de rexistro 18896, formulada no marco da Comisión 5ª do Parlamento de Galicia celebrada o día 30 de xaneiro de 2025. Na seguinte ligazón pode accederse á resposta dada:

<https://mediateca.parlamentodegalicia.gal:443/s/7tT1uBbgOeAnne0BiBS5erdeswVq5GNKSneUBd7Cbaq1yGx1>".

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias,

(*Documento asinado digitalmente*)

Sandra Vázquez Domínguez

## PRESIDENTE PARLAMENTO DE GALICIA

[Dirección xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias](#)

Pazo de Raxoi. Praza do Obradoiro.

Santiago de Compostela. 15705

Tfno. 981 54 49 19

Email. [relacionsinstitucionais@xunta.gal](mailto:relacionsinstitucionais@xunta.gal)



Asinado dixitalmente por:

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 15/05/2025 11:30:57





XUNTA  
DE GALICIA

CONSELLERÍA DE  
PRESIDENCIA,  
XUSTIZA E DEPORTES



PARLAMENTO DE GALICIA  
REXISTRO XERAL ENTRADA  
Data asento: 15/05/2025 11:30:51  
Nº Rexistro: 25563  
Data envío: 15/05/2025 11:30:51.238  
Data 15/05/2025 11:30

**Asunto:** Remisión contestación parlamentaria.

En relación coa pregunta con resposta escrita, **número 17273**, formulada polo Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia a iniciativa de dona Patricia Iglesias Rey e dona Elena Espinosa Mangana, sobre “o prazo previsto pola Consellería de Sanidade para a aprobación, conforme o disposto na Lei 38/2003, do plan estratéxico de subvencións”, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Sanidade**, que ten o seguinte contido:

“A planificación, asignación e seguimento das subvencións realizanse de forma integral e coordinada dentro dos marcos programáticos definidos polos distintos programas/plans/estratexias/axendas que se identifican o que permite cumplir cos obxectivos estratéxicos, mecanismos de control da xestión e mecanismos de avaliación de resultados aos que ten que responder a súa política de subvencións, aliñándose coas políticas nacionais e europeas e optimizando a eficiencia na xestión do gasto público subvencional.

A Consellería de Sanidade e os seus organismos dependentes cumpren, polo tanto, os principios xerais polos que se rexe a xestión de subvencións recollidos na Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións de publicidade, transparencia, concorrencia, obxectividade, igualdade e non discriminación; eficacia no cumprimento dos obxectivos fixados pola Administración outorgante e eficiencia na asignación e emprego dos recursos públicos e conforme a unha planificación estratéxica”.

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias,

(*Documento asinado dixitalmente*)

Sandra Vázquez Domínguez

## PRESIDENTE PARLAMENTO DE GALICIA

**Dirección xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias**

Pazo de Raxoi. Praza do Obradoiro.

Santiago de Compostela. 15705

Tfno. 981 54 49 19

Email. [relacionsinstitucionais@xunta.gal](mailto:relacionsinstitucionais@xunta.gal)



Asinado dixitalmente por:

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 15/05/2025 11:30:51





XUNTA  
DE GALICIA

CONSELLERÍA DE  
PRESIDENCIA,  
XUSTIZA E DEPORTES



PARLAMENTO DE GALICIA  
REXISTRO XERAL ENTRADA  
Data asento: 15/05/2025 11:30:44  
Nº Rexistro: 25562  
Data envío: 15/05/2025 11:30:44,942  
Data 15/05/2025 11:30

**Asunto:** Remisión contestación parlamentaria.

En relación coa pregunta con resposta escrita, **número 17572**, formulada polo Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia a iniciativa de dona Carmen Rodríguez Dacosta, dona Elena Espinosa Mangana e dona Silvia Longueira Castro, sobre “**a situación da asistencia pediátrica no Centro de Saúde de Coles e as previsións do Goberno galego ao respecto**”, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Sanidade**, que ten o seguinte contido:

“O servizo de atención primaria de Coles atende os nenos menores de 14 anos dos concellos de Coles, Vilamarín, Amoeiro e A Peroxa en xornada de mañá, de 8:00 a 15:00, martes e xoves.

Os datos actuais de demanda asistencial non xustifican o incremento da frecuencia ou do horario asistencial actual.

As ausencias son cubertas por outros profesionais ou no centro de saúde da Ponte, garantindo en todo momento a calidade asistencial.

O déficit de profesionais sanitarios que afecta especialmente á atención primaria e á pediatría é un problema que debe resolver o Ministerio de Sanidade incrementando a formación nas especialidades afectadas, aumentando a idade máxima á cal poden exercer os médicos ou axilizando a homologación de títulos sanitarios”.

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias,

(Documento asinado dixitalmente)

Sandra Vázquez Domínguez

## PRESIDENTE PARLAMENTO DE GALICIA

**Dirección xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias**

Pazo de Raxoi. Praza do Obradoiro.

Santiago de Compostela. 15705

Tfno. 981 54 49 19

Email. [relacionsinstitucionais@xunta.gal](mailto:relacionsinstitucionais@xunta.gal)



Asinado dixitalmente por:

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 15/05/2025 11:30:44



**Asunto:** Remisión contestación parlamentaria.

En relación coa pregunta con resposta escrita, **número 17606**, formulada polo Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia a iniciativa de dona Elena Espinosa Mangana, don Carlos López Font e dona Silvia Longueira Castro, sobre "as **previsiones do Goberno galego verbo do incremento da capacidade da unidade de hospitalización infantoxuvenil do Hospital Álvaro Cunqueiro de Vigo**", teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Sanidade**, que ten o seguinte contido:

"A Xunta de Galicia impulsou a creación de 7 hospitais de día infanto-xuvenís de saúde mental e a segunda unidade de hospitalización de psiquiatría infanto-xuvenil no Hospital Álvaro Cunqueiro no marco do Plan galego de saúde mental 2020-2024.

A apostar pola saúde mental infanto-xuvenil é clara e a Consellería de Sanidade está avanzando tamén no aumento de idade de psiquiatría infanto-xuvenil ata os 18 anos, así como a creación dunha área de saúde mental específica de transición para adolescentes.

Recentemente, a unidade de hospitalización de psiquiatría infanto-xuvenil do Hospital Público Álvaro Cunqueiro comezou a funcionar coa súa plena capacidade. Así, tras un período de experiencia e a formación e incorporación de máis persoal sanitario, a unidade chega á súa plena capacidade, podendo acoller un total de 12 pacientes, converténdose na unidade desta índole máis grande de Galicia".

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias,  
(*Documento asinado dixitalmente*)

Sandra Vázquez Domínguez

## PRESIDENTE PARLAMENTO DE GALICIA

**Dirección xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias**

Pazo de Raxoi. Praza do Obradoiro.

Santiago de Compostela. 15705

Tfno. 981 54 49 19

Email. [relacionstolucionais@xunta.gal](mailto:relacionstolucionais@xunta.gal)



Asinado dixitalmente por:

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 15/05/2025 11:30:36





XUNTA  
DE GALICIA

CONSELLERÍA DE  
PRESIDENCIA,  
XUSTIZA E DEPORTES



PARLAMENTO DE GALICIA  
REXISTRO XERAL ENTRADA  
Data asento: 15/05/2025 11:30:29  
Nº Rexistro: 25559  
Data envío: 15/05/2025 11:30:29,895  
Data 15/05/2025 11:30

**Asunto:** Remisión contestación parlamentaria.

En relación coa pregunta con resposta escrita, **número 17612**, formulada polo Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia a iniciativa de dona Carmen Rodríguez Dacosta, dona Elena Espinosa Mangana e dona Silvia Longueira Castro, sobre “**as previsiones que ten a Xunta de Galicia no que concirne á dotación de Ourense dun hospital de día infantoxuvenil**”, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **ConSELLERÍA de Sanidade**, que ten o seguinte contido:

“A Xunta de Galicia planificou a creación de 7 hospitais de día infanto-xuvenís no marco do Plan galego de saúde mental 2020-2024. Catro dos sete creados xa están funcionando con instalacións propias.

No caso da unidade de Ourense, está a funcionar aínda que non se habilitasen novas dependencias, que están condicionadas pola dispoñibilidade do espazo.

A apostar pola saúde mental infanto-xuvenil é clara e a ConSELLERÍA de Sanidade está avanzando tamén no aumento de idade de psiquiatría infanto-xuvenil ata os 18 anos, así como a creación dunha área de saúde mental específica de transición para adolescentes”.

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias,  
*(Documento asinado dixitalmente)*

Sandra Vázquez Domínguez

## PRESIDENTE PARLAMENTO DE GALICIA

**Dirección xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias**

Pazo de Raxoi. Praza do Obradoiro.

Santiago de Compostela. 15705

Tfno. 981 54 49 19

Email. [relacionsinstitucionais@xunta.gal](mailto:relacionsinstitucionais@xunta.gal)



Asinado dixitalmente por:

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 15/05/2025 11:30:29





XUNTA  
DE GALICIA

CONSELLERÍA DE  
PRESIDENCIA,  
XUSTIZA E DEPORTES



PARLAMENTO DE GALICIA  
REXISTRO XERAL ENTRADA  
Data asento: 15/05/2025 11:30:23  
Nº Rexistro: 25558  
Data envío: 15/05/2025 11:30:23,645  
Data 15/05/2025 11:30

**Asunto:** Remisión contestación parlamentaria.

En relación coa pregunta con resposta escrita, **número 17695**, formulada polo Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia a iniciativa de dona María Elena Espinosa Mangana e dona Silvia Longueira Castro, sobre **"as medidas previstas polo Goberno galego co fin de incrementar o persoal de enfermaría na sanidade para acadar a curto prazo a media española"**, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Sanidade**, que ten o seguinte contido:

"O cociente de enfermeiras en atención primaria en Galicia está, segundo os últimos datos publicados polo Ministerio de Sanidade, por riba da media do Sistema Nacional de Saúde, un 5,7 % máis. En canto á atención especializada, Galicia atópase no rango da media nacional, cun cociente de 3,79 enfermeiras por 1.000 habitantes fronte ao 3,87 de media.

O Executivo galego está a adoptar as medidas necesarias para responder a unha necesidade crecente de profesionais sanitarios, entre eles os de enfermería, onde non hai un excedente de persoal, como o demostra a Oferta de Emprego Público recentemente presentada polo Servizo Galego de Saúde e aprobada na Mesa Sectorial na que se inclúen 152 prazas pertencentes ás diferentes especialidades de enfermería.

Ademais, o Proxecto de Orzamentos do ano 2025 recolle a creación de 1.412 prazas no Servizo Galego de Saúde, entre elas, tamén na categoría de enfermeiro: concretamente, nas prazas que se establecen para cumplir o compromiso de reducir en 42 horas a xornada laboral ordinaria, culminando así a redución de 112 horas pactada, hai 210 na categoría de enfermeiro; tamén 178 prazas de enfermeiro, no apartado de estabilización do cadro de persoal; e outras 2 prazas de enfermeiro vinculadas ao Programa de reproducción humana asistida".

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias,

(*Documento asinado dixitalmente*)

Sandra Vázquez Domínguez

## PRESIDENTE PARLAMENTO DE GALICIA

**Dirección xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias**

Pazo de Raxoi. Praza do Obradoiro.

Santiago de Compostela. 15705

Tfno. 981 54 49 19

Email. [relacionsinstitucionais@xunta.gal](mailto:relacionsinstitucionais@xunta.gal)



Asinado dixitalmente por:

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 15/05/2025 11:30:23





XUNTA  
DE GALICIA

CONSELLERÍA DE  
PRESIDENCIA,  
XUSTIZA E DEPORTES



PARLAMENTO DE GALICIA  
REXISTRO XERAL ENTRADA  
Data asento: 13/05/2025 10:39:04  
Nº Rexistro: 25404  
Data envío: 13/05/2025 10:39:04,310  
Data 13/05/2025 10:38

**Asunto:** Remisión contestación parlamentaria.

En relación coa pregunta con resposta escrita, **número 18965**, formulada polo Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego a iniciativa de dona Sonia Vidal Lamas, don Secundino Fernández Fernández e dona Ariadna Fernández González, sobre **"o estado en que está a tramitación do proxecto da planta de biometano de Xunqueira de Ambía, as previsións de localización exacta, características da planta e eventuais impactos negativos"**, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **ConSELLERÍA DE MEDIO AMBIENTE E CAMBIO CLIMÁTICO**, que ten o seguinte contido:

"O proxecto ao que fai referencia foi recibido na Dirección Xeral de Calidade Ambiental e Sostibilidade para a tramitación da autorización ambiental integrada e da avaliación de impacto ambiental.

O proxecto atópase nunha fase de tramitación moi inicial e nestes intres estase á espera de que se dea unha resposta a un requerimento formulado para continuar, de ser o caso, coa tramitación establecida na normativa reguladora que resulta de aplicación".

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias,

*(Documento asinado dixitalmente)*

Sandra Vázquez Domínguez

## PRESIDENTE PARLAMENTO DE GALICIA

**Dirección xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias**

Pazo de Raxoi. Praza do Obradoiro.

Santiago de Compostela. 15705

Tfno. 981 54 49 19

Email. [relacionsinstitucionais@xunta.gal](mailto:relacionsinstitucionais@xunta.gal)



Asinado dixitalmente por:

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 13/05/2025 10:39:03





XUNTA  
DE GALICIA

CONSELLERÍA DE  
PRESIDENCIA,  
XUSTIZA E DEPORTES



PARLAMENTO DE GALICIA  
REXISTRO XERAL ENTRADA  
Data asento: 14/05/2025 09:30:00  
Nº Rexistro: 25467  
Data envío: 13/05/2025 22:38:44.887  
Data 13/05/2025 22:38

**Asunto:** Remisión contestación parlamentaria.

En relación coa pregunta con resposta escrita, **número 19368**, formulada polo Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia a iniciativa de dona Lara Méndez López, don Carlos López Font e dona Paloma Castro Rey, sobre “**as previsións que ten a Xunta de Galicia no que concirne á súa participación no financiamento da construcción da EDAR de Barreiros**”, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **ConSELLERÍA DE MEDIO AMBIENTE E CAMBIO CLIMÁTICO**, que ten o seguinte contido:

“As competencias en materia de saneamento e abastecemento son estritamente municipais, e así está reflectido nos textos lexislativos reguladores do réxime local e da normativa sectorial en materia de augas (a Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases de réxime local, a Lei 5/1997, do 22 de xullo, de Administración Local de Galicia, e a normativa sectorial en materia de augas, a Lei 9/2010, do 4 de novembro de augas de Galicia).

O que fai a Xunta, e o que ten atribuído, é o apoio aos concellos e a colaboración (xa sexa técnica ou financeira) para acadar entre todos o desenvolvemento máis eficaz das ditas competencias.

E iso é o que se está a facer co concello de Barreiros, ao igual que co resto de concellos galegos. Estase a colaborar co Goberno municipal no exercicio das súas competencias de saneamento.

Unha colaboración que non é nova e que se remonta ao ano 2010, no que se asinou un convenio entre Xunta, Deputación e Concello para a dotación de infraestruturas de saneamento a este municipio.

Esta cuestión foi contestada na sesión da Comisión 2ª de Ordenación Territorial, Obras Públicas, Medio Ambiente e Servizos de celebrada o pasado 27 de novembro de 2024 polo director de Augas de Galicia, Roi Fernández Añón en resposta á POC 7597.

Enlace ao vídeo da Comisión 2ª celebrada o pasado 27 de novembro de 2024:

[https://mediateca.parlamentodegalicia.gal/watch?  
id=NGM4OGRjOTgtODJjOS00MzAzLTlmNDQtMTUyMGE0Zjc3NWVj&start=207.604"](https://mediateca.parlamentodegalicia.gal/watch?id=NGM4OGRjOTgtODJjOS00MzAzLTlmNDQtMTUyMGE0Zjc3NWVj&start=207.604)

#### Dirección xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

Pazo de Raxoi. Praza do Obradoiro.

Santiago de Compostela. 15705

Tfno. 981 54 49 19

Email. [relacionsinstitucionais@xunta.gal](mailto:relacionsinstitucionais@xunta.gal)



O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias,  
*(Documento asinado dixitalmente)*

Sandra Vázquez Domínguez

## PRESIDENTE PARLAMENTO DE GALICIA

### Dirección xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

Pazo de Raxoi. Praza do Obradoiro.

Santiago de Compostela. 15705

Tfno. 981 54 49 19

Email. [relacionsinstitucionais@xunta.gal](mailto:relacionsinstitucionais@xunta.gal)



Asinado dixitalmente por:

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 13/05/2025 22:38:44





XUNTA  
DE GALICIA

CONSELLERÍA DE  
PRESIDENCIA,  
XUSTIZA E DEPORTES



PARLAMENTO DE GALICIA  
REXISTRO XERAL ENTRADA  
Data asento: 14/05/2025 09:30:00  
Nº Rexistro: 25466  
Data envío: 13/05/2025 22:38:38.825  
Data 13/05/2025 22:38

**Asunto:** Remisión contestación parlamentaria.

En relación coa pregunta con resposta escrita, **número 21423**, formulada polo Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego a iniciativa de dona Montserrat Valcárcel Armesto, sobre "**o espallamento das pragas que afectan a especie "Pinus radiata" nas masas de piñeira de Galicia e as medidas que prevé pór en marcha o Goberno galego para atallar este problema**", teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería do Medio Rural**, que ten o seguinte contido:

"A información que demanda esta iniciativa foi ofrecida ao Parlamento de Galicia respuestada na pregunta oral con número 21421 da Comisión 7ª do día 4 de abril de 2025, á que nos remitimos porque ofrece información sobre cuestións formuladas.

A comisión pode ser consultada na seguinte ligazón:

[https://mediateca.parlamentodegalicia.gal/watch?  
id=M2NiZGU4ZTYtYTY3OS00NWZiLWI3MGItMzZkYzU5OTg5ZTFi](https://mediateca.parlamentodegalicia.gal/watch?id=M2NiZGU4ZTYtYTY3OS00NWZiLWI3MGItMzZkYzU5OTg5ZTFi)".

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias,  
(*Documento asinado dixitalmente*)

Sandra Vázquez Domínguez

## PRESIDENTE PARLAMENTO DE GALICIA

**Dirección xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias**

Pazo de Raxoi. Praza do Obradoiro.

Santiago de Compostela. 15705

Tfno. 981 54 49 19

Email. [relacionsinstitucionais@xunta.gal](mailto:relacionsinstitucionais@xunta.gal)



Asinado dixitalmente por:

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 13/05/2025 22:38:38





XUNTA  
DE GALICIA

CONSELLERÍA DE  
PRESIDENCIA,  
XUSTIZA E DEPORTES



PARLAMENTO DE GALICIA  
REXISTRO XERAL ENTRADA  
Data asento: 14/05/2025 09:30:00  
Nº Rexistro: 25465  
Data envío: 13/05/2025 22:38:31,419  
Data 13/05/2025 22:38

**Asunto:** Remisión contestación parlamentaria.

En relación coa pregunta con resposta escrita, **número 21838**, formulada polo Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego a iniciativa de dona Montserrat Valcárcel Armesto, sobre “**as zonas de Galicia declaradas como zonas vulnerables a nitratos (ZVN), o impacto sectorial e económico destas declaracóns e as medidas e liñas de axudas previstas pola Xunta de Galicia para o sector agrogandeiro**”, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería do Medio Rural**, que ten o seguinte contido:

“A información que demanda esta iniciativa foi ofrecida ao Parlamento de Galicia en resposta á interpelación con número 21839 e debatida no Pleno do 8 de abril de 2025, á que nos remitimos porque ofrece información sobre as cuestións formuladas.

O Pleno pode ser consultado na seguinte ligazón:

[https://mediateca.parlamentodegalicia.gal/watch?  
id=MjM1NjQyYTYtOGQ5ZC00N2E5LTkyNDUtMGRhZGVhMGQ2ZjIx](https://mediateca.parlamentodegalicia.gal/watch?id=MjM1NjQyYTYtOGQ5ZC00N2E5LTkyNDUtMGRhZGVhMGQ2ZjIx).

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias,

(*Documento asinado dixitalmente*)

Sandra Vázquez Domínguez

## PRESIDENTE PARLAMENTO DE GALICIA

**Dirección xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias**

Pazo de Raxoi. Praza do Obradoiro.

Santiago de Compostela. 15705

Tfno. 981 54 49 19

Email. [relacionsinstitucionais@xunta.gal](mailto:relacionsinstitucionais@xunta.gal)



Asinado dixitalmente por:

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 13/05/2025 22:38:31





XUNTA  
DE GALICIA

CONSELLERÍA DE  
PRESIDENCIA,  
XUSTIZA E DEPORTES



PARLAMENTO DE GALICIA  
REXISTRO XERAL ENTRADA  
Data asento: 14/05/2025 09:30:00  
Nº Rexistro: 25464  
Data envío: 13/05/2025 22:38:24.622  
Data 13/05/2025 22:38

**Asunto:** Remisión contestación parlamentaria.

En relación coa pregunta con resposta escrita, **número 21903**, formulada polo Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego a iniciativa de dona Ariadna Fernández González e outros deputados e deputadas, sobre “**os riscos biolóxicos aos que se enfrenta o persoal dos centros de conservación de fauna silvestre da Xunta de Galicia e os protocolos preventivos que se están a establecer**”, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería do Medio Rural**, que ten o seguinte contido:

“A información que demanda esta iniciativa foi ofrecida ao Parlamento de Galicia argumentada na proposición non de lei con número 21900 e debatida na Comisión do 22 de abril de 2025, á que nos remitimos porque ofrece información sobre as cuestións formuladas.

A comisión pode ser consultada na seguinte ligazón:

[https://mediateca.parlamentodegalicia.gal/watch?  
id=ZWFlYWQ0MTEtNjMzM00MmM4LTgxYjgtOTAwODQwZTE3ZWEz](https://mediateca.parlamentodegalicia.gal/watch?id=ZWFlYWQ0MTEtNjMzM00MmM4LTgxYjgtOTAwODQwZTE3ZWEz).

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias,

(*Documento asinado dixitalmente*)

Sandra Vázquez Domínguez

## PRESIDENTE PARLAMENTO DE GALICIA

**Dirección xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias**

Pazo de Raxoi. Praza do Obradoiro.

Santiago de Compostela. 15705

Tfno. 981 54 49 19

Email. [relacionsinstitucionais@xunta.gal](mailto:relacionsinstitucionais@xunta.gal)



Asinado dixitalmente por:

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 13/05/2025 22:38:24





XUNTA  
DE GALICIA

CONSELLERÍA DE  
PRESIDENCIA,  
XUSTIZA E DEPORTES



PARLAMENTO DE GALICIA  
REXISTRO XERAL ENTRADA  
Data asento: 14/05/2025 13:04:06  
Nº Rexistro: 25505  
Data envío: 14/05/2025 13:04:06,056  
Data 14/05/2025 13:04

**Asunto:** Remisión contestación parlamentaria.

En relación coa pregunta con resposta escrita, **número 22161**, formulada polo Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego a iniciativa de don Secundino Fernández Fernández, sobre “**a avaliación da liña de axudas da Xunta de Galicia destinada a subministrar froitas frescas, castañas e leite líquido para o consumo por parte do alumnado dos centros educativos públicos**”, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería do Medio Rural**, que ten o seguinte contido:

“A información que demanda esta iniciativa foi ofrecida ao Parlamento de Galicia na pregunta oral con número 16741 e respondida na Comisión do 7 de febreiro de 2025, á que nos remitimos porque ofrece información sobre as cuestións formuladas.

A comisión pode ser consultada na seguinte ligazón:

[https://mediateca.parlamentodegalicia.gal/watch?  
id=ODRhNzllMmEtNjZkYS00NDlkLTliNjYtYmY2ZjkzYTc0Mzk1&start=7799](https://mediateca.parlamentodegalicia.gal/watch?id=ODRhNzllMmEtNjZkYS00NDlkLTliNjYtYmY2ZjkzYTc0Mzk1&start=7799).

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias,  
(Documento asinado dixitalmente)

Sandra Vázquez Domínguez

## PRESIDENTE PARLAMENTO DE GALICIA

**Dirección xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias**

Pazo de Raxoi. Praza do Obradoiro.

Santiago de Compostela. 15705

Tfno. 981 54 49 19

Email. [relacionsinstitucionais@xunta.gal](mailto:relacionsinstitucionais@xunta.gal)



Asinado dixitalmente por:

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 14/05/2025 13:04:05





XUNTA  
DE GALICIA

CONSELLERÍA DE  
PRESIDENCIA,  
XUSTIZA E DEPORTES



PARLAMENTO DE GALICIA  
REXISTRO XERAL ENTRADA  
Data asento: 14/05/2025 09:42:45  
Nº Rexistro: 25471  
Data envío: 14/05/2025 09:42:45.070  
Data 14/05/2025 09:42

**Asunto:** Remisión contestación parlamentaria.

En relación coa pregunta con resposta escrita, **número 22229**, formulada polo Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego a iniciativa de don Secundino Fernández Fernández, sobre “**a afección da planta de Altri ao sector agrogandeiro e a información publicada pola Consellería do Medio Rural en relación coa aprobación da declaración de impacto ambiental da macrocelulosa Altri**”, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería do Medio Rural**, que ten o seguinte contido:

“A información que demanda esta iniciativa foi ofrecida ao Parlamento de Galicia en resposta oral á pregunta con número 22231 e debatida no Pleno do Parlamento de Galicia do 7 de maio de 2025; á que nos remitimos porque ofrece información sobre as cuestións formuladas.

O debate pode ser consultado na seguinte ligazón:

[https://mediateca.parlamentodegalicia.gal/watch?  
id=ZTA5YjNhZGEtMTQwZS00Y2YwLThlMjQtNDRhZTk0OWI2NjYy](https://mediateca.parlamentodegalicia.gal/watch?id=ZTA5YjNhZGEtMTQwZS00Y2YwLThlMjQtNDRhZTk0OWI2NjYy)”.

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias,

(*Documento asinado dixitalmente*)

Sandra Vázquez Domínguez

## PRESIDENTE PARLAMENTO DE GALICIA

**Dirección xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias**

Pazo de Raxoi. Praza do Obradoiro.

Santiago de Compostela. 15705

Tfno. 981 54 49 19

Email. [relacionsinstitucionais@xunta.gal](mailto:relacionsinstitucionais@xunta.gal)



Asinado dixitalmente por:

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 14/05/2025 9:42:44





XUNTA  
DE GALICIA

CONSELLERÍA DE  
PRESIDENCIA,  
XUSTIZA E DEPORTES



PARLAMENTO DE GALICIA  
REXISTRO XERAL ENTRADA  
Data asento: 14/05/2025 09:30:00  
Nº Rexistro: 25463  
Data envío: 13/05/2025 22:38:15,669  
Data 13/05/2025 22:38

**Asunto:** Remisión contestación parlamentaria.

En relación coa pregunta con resposta escrita, **número 22410**, formulada polo Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia a iniciativa de dona Lara Méndez López, don Carlos López Font e dona Paloma Castro Rey, sobre “**a previsión da Xunta de Galicia no que atinxe á súa participación no financiamento da EDAR de San Miguel de Reinante, no concello de Barreiros**”, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **ConSELLERÍA DE MEDIO AMBIENTE E CAMBIO CLIMÁTICO**, que ten o seguinte contido:

“As competencias en materia de saneamento e abastecemento son estritamente municipais, e así está reflectido nos textos lexislativos reguladores do réxime local e da normativa sectorial en materia de augas (a Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases de réxime local, a Lei 5/1997, do 22 de xullo, de Administración Local de Galicia, e a normativa sectorial en materia de augas, a Lei 9/2010, do 4 de novembro de augas de Galicia).

O que fai a Xunta, e o que ten atribuído, é o apoio aos concellos e a colaboración (xa sexa técnica ou financeira) para acadar entre todos o desenvolvemento máis eficaz das ditas competencias.

E iso é o que se está a facer co concello de Barreiros, ao igual que co resto de concellos galegos. Estase a colaborar co Goberno municipal no exercicio das súas competencias de saneamento.

Unha colaboración que non é nova e que se remonta ao ano 2010, no que se asinou un convenio entre Xunta, Deputación e Concello para a dotación de infraestruturas de saneamento a este municipio.

Esta cuestión foi contestada na sesión da Comisión 2ª de Ordenación Territorial, Obras Públicas, Medio Ambiente e Servizos de celebrada o pasado 27 de novembro de 2024 polo director de Augas de Galicia, Roi Fernández Añón en resposta á POC 7597.

Enlace ao vídeo da Comisión 2ª celebrada o pasado 27 de novembro de 2024:

[https://mediateca.parlamentodegalicia.gal/watch?  
id=NGM4OGRjOTgtODJjOS00MzAzLTlmNDQtMTUyMGE0Zjc3NWVj&start=207.604"](https://mediateca.parlamentodegalicia.gal/watch?id=NGM4OGRjOTgtODJjOS00MzAzLTlmNDQtMTUyMGE0Zjc3NWVj&start=207.604)

**Dirección xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias**

Pazo de Raxoi. Praza do Obradoiro.

Santiago de Compostela. 15705

Tfno. 981 54 49 19

Email. [relacionsinstitucionais@xunta.gal](mailto:relacionsinstitucionais@xunta.gal)



O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias,  
*(Documento asinado dixitalmente)*

Sandra Vázquez Domínguez

## PRESIDENTE PARLAMENTO DE GALICIA

### Dirección xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

Pazo de Raxoi. Praza do Obradoiro.

Santiago de Compostela. 15705

Tfno. 981 54 49 19

Email. [relacionsinstitucionais@xunta.gal](mailto:relacionsinstitucionais@xunta.gal)



Asinado dixitalmente por:

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 13/05/2025 22:38:15





XUNTA  
DE GALICIA

CONSELLERÍA DE  
PRESIDENCIA,  
XUSTIZA E DEPORTES



PARLAMENTO DE GALICIA  
REXISTRO XERAL ENTRADA  
Data asento: 13/05/2025 10:38:56  
Nº Rexistro: 25403  
Data envío: 13/05/2025 10:38:56,373  
Data 13/05/2025 10:38

**Asunto:** Remisión contestación parlamentaria.

En relación coa pregunta con resposta escrita, **número 22533**, formulada polo Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia a iniciativa de don Julio Ernesto Abalde Alonso, don Carlos López Font e dona Paloma Castro Rey, sobre **"as características das vivendas protexidas que se construirán nas parcelas concedidas por concurso público no barrio do Bertón, en Ferrol, e os prazos previstos para a súa construcción"**, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **ConSELLERÍA DE VIVENDA E PLANIFICACIÓN DE INFRAESTRUTURAS**, que ten o seguinte contido:

"A Xunta de Galicia está a traballar con compromiso no incremento do parque de vivenda pública do Concello de Ferrol, particularmente na área do Bertón.

No concurso do día 10 de abril demostrouse esa aposta pola cidade, mediante o concurso público para adxudicación, en compravenda ou en dereito de superficie, de parcelas de solo residencial propiedade da Sociedade de Vivenda Pública de Galicia (VIPUGAL) con destino a Vivendas de Protección Autonómica con prezos/renda limitada no Bertón.

Os prezos son: 2.000, 4.000 ou 10.000€ por vivenda segundo sexan de réxime especial, xeral ou concertado.

As parcelas destinaranse aos seguintes fins:

- Dereito de superficie (75 anos) – reversión parcela + inmoble.
- Alugueiro.
- Réxime especial.

No caso de adxudicación en réxime de dereito de superficie, o canon anual será, no primeiro ano, do 0,10 por cento do prezo ofertado (2 €/ano por vivenda para réxime xeral, 4€/ano por vivenda para réxime xeral e 10€/ano por vivenda para réxime concertado).

O prazo para a presentación de ofertas ten 4 meses a contar dende a data indicada no anuncio da licitación: 11 de agosto.

Entre os criterios de valoración para a construcción están:

- A calidade de deseño e espacial do edificio.
- O tratamento dos espazos exteriores.
- A imaxe da edificación e a súa relación coa contorna, empregando materiais e sistemas construtivos que garantan a imaxe co paso do tempo, limitando a degradación ou deterioro prematuro.

#### Dirección xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

Pazo de Raxoi. Praza do Obradoiro.

Santiago de Compostela. 15705

Tfno. 981 54 49 19

Email. [relacioninstitucionais@xunta.gal](mailto:relacioninstitucionais@xunta.gal)





XUNTA  
DE GALICIA

CONSELLERÍA DE  
PRESIDENCIA,  
XUSTIZA E DEPORTES



PARLAMENTO DE GALICIA  
REXISTRO XERAL ENTRADA  
Data asento: 13/05/2025 10:38:56  
Nº Rexistro: 25403  
Data envío: 13/05/2025 10:38:56,373

- O aproveitamento da luz natural.
- Adaptación aos usos cambiantes dos usuarios.
- Consumo de enerxía primaria non renovable inferior aos valores límite segundo a clasificación climática do Código Técnico de Edificación.

As Bases que rexen o concurso de adxudicación de parcelas residenciais en venda ou dereito de superficie son públicas e accesibles a toda a cidadanía na seguinte ligazón:

<https://vivendapublica.gal/storage/PREGO-BASES-CONCURSO-ADXUDICACION-2-PARCELAS-BERTON-3.pdf>".

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias,

(Documento asinado digitalmente)

Sandra Vázquez Domínguez

## PRESIDENTE PARLAMENTO DE GALICIA

Dirección xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

Pazo de Raxoi. Praza do Obradoiro.

Santiago de Compostela. 15705

Tfno. 981 54 49 19

Email. [relacionsinstitucionais@xunta.gal](mailto:relacionsinstitucionais@xunta.gal)



Asinado dixitalmente por:

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 13/05/2025 10:38:56





XUNTA  
DE GALICIA

CONSELLERÍA DE  
PRESIDENCIA,  
XUSTIZA E DEPORTES



PARLAMENTO DE GALICIA  
REXISTRO XERAL ENTRADA  
Data asento: 09/05/2025 10:49:40  
Nº Rexistro: 25232  
Data envío: 09/05/2025 10:49:40,492  
Data 09/05/2025 10:49

**Asunto:** Remisión contestación parlamentaria.

En relación coa pregunta con resposta escrita, **número 22599**, formulada polo Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego a iniciativa de dona Ariadna Fernández González, sobre **“a situación actual dos centros de menores en Galicia e as perspectivas do Goberno galego para a mellora da atención e dos coidados a nenas, nenos e adolescentes que neles residen”**, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Política Social e Igualdade**, que ten o seguinte contido:

“A conselleira de Política Social e Igualdade respondeu á interpelación con número de rexistro 22600 sobre o mesmo tema e formulada polo mesmo grupo parlamentar, en sesión plenaria do día 07/05/2025.

Pódese acceder á súa resposta na seguinte ligazón:

[https://mediateca.parlamentodegalicia.gal/watch?  
id=ZDAwNGE1ZmYtMzg1OC00Mjg0LWJjNDYtZmZiOTlLODA0Njhh&start=10077](https://mediateca.parlamentodegalicia.gal/watch?id=ZDAwNGE1ZmYtMzg1OC00Mjg0LWJjNDYtZmZiOTlLODA0Njhh&start=10077).

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias,  
(*Documento asinado dixitalmente*)

Sandra Vázquez Domínguez

## PRESIDENTE PARLAMENTO DE GALICIA

**Dirección xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias**

Pazo de Raxoi. Praza do Obradoiro.

Santiago de Compostela. 15705

Tfno. 981 54 49 19

Email. [relacionsinstitucionais@xunta.gal](mailto:relacionsinstitucionais@xunta.gal)



Asinado dixitalmente por:

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 09/05/2025 10:49:39





XUNTA  
DE GALICIA

CONSELLERÍA DE  
PRESIDENCIA,  
XUSTIZA E DEPORTES



PARLAMENTO DE GALICIA  
REXISTRO XERAL ENTRADA  
Data asento: 13/05/2025 10:38:49  
Nº Rexistro: 25402  
Data envío: 13/05/2025 10:38:49,951  
Data 13/05/2025 10:38

**Asunto:** Remisión contestación parlamentaria.

En relación coa pregunta con resposta escrita, **número 22829**, formulada polo Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia a iniciativa de dona Patricia Iglesias Rey, dona Carmen Rodríguez Dacosta e dona Lara Méndez López, sobre "a información que o Goberno galego prevé remitir á Cámara verbo do procedemento de autorización para a construcción da central hidroeléctrica reversible en Vilariño de Conso e a concesión da súa autorización a Iberdrola para realizar prospeccións xeoloxicas", teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **ConSELLERÍA DE MEDIO AMBIENTE E CAMBIO CLIMÁTICO**, que ten o seguinte contido:

"Esta cuestión foi contestada na sesión da Comisión 6ª de Industria, Enerxía, Comercio e Turismo celebrada o pasado 9 de maio de 2025 pola directora xeral de Calidade Ambiental e Sostibilidade, María José Echevarría, en resposta á POC 22780.

Enlace ao vídeo da Comisión 6ª celebrada o pasado 9 de maio de 2025:

[https://mediateca.parlamentodegalicia.gal/watch?  
id=NjYyNDI0NjQtMzQ0ZS00MmE1LWFjZGQtNjE2Y2EyM2EzYTly](https://mediateca.parlamentodegalicia.gal/watch?id=NjYyNDI0NjQtMzQ0ZS00MmE1LWFjZGQtNjE2Y2EyM2EzYTly)".

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias,

(*Documento asinado dixitalmente*)

Sandra Vázquez Domínguez

## PRESIDENTE PARLAMENTO DE GALICIA

**Dirección xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias**

Pazo de Raxoi. Praza do Obradoiro.

Santiago de Compostela. 15705

Tfno. 981 54 49 19

Email. [relacionsinstitucionais@xunta.gal](mailto:relacionsinstitucionais@xunta.gal)



Asinado dixitalmente por:

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 13/05/2025 10:38:49





XUNTA  
DE GALICIA

CONSELLERÍA DE  
PRESIDENCIA,  
XUSTIZA E DEPORTES



PARLAMENTO DE GALICIA  
REXISTRO XERAL ENTRADA  
Data asento: 13/05/2025 10:38:40  
Nº Rexistro: 25401  
Data envío: 13/05/2025 10:38:40.826  
Data 13/05/2025 10:38

**Asunto:** Remisión contestación parlamentaria.

En relación coa pregunta con resposta escrita, **número 22830**, formulada polo Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia a iniciativa de dona Patricia Iglesias Rey, dona Carmen Rodríguez Dacosta e dona Lara Méndez López, sobre "as **previsiones do Goberno galego no referido á información á Cámara verbo do procedemento de autorización para a construcción da central hidroeléctrica reversible en Vilariño de Conso e a concesión da súa autorización a Iberdrola para realizar prospeccións xeoloxicas**", teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **ConSELLERÍA DE MEDIO AMBIENTE E CAMBIO CLIMÁTICO**, que ten o seguinte contido:

"Esta cuestión foi contestada na sesión da Comisión 6ª de Industria, Enerxía, Comercio e Turismo celebrada o pasado 9 de maio de 2025 pola directora xeral de Calidade Ambiental e Sostibilidade, María José Echevarría, en resposta á POC 22780.

Enlace ao vídeo da Comisión 6ª celebrada o pasado 9 de maio de 2025:

[https://mediateca.parlamentodegalicia.gal/watch?  
id=NjYyNDI0NjQtMzQ0ZS00MmE1LWFjZGQtNjE2Y2EyM2EzYTly](https://mediateca.parlamentodegalicia.gal/watch?id=NjYyNDI0NjQtMzQ0ZS00MmE1LWFjZGQtNjE2Y2EyM2EzYTly)".

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias,  
*(Documento asinado dixitalmente)*

Sandra Vázquez Domínguez

## PRESIDENTE PARLAMENTO DE GALICIA

**Dirección xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias**

Pazo de Raxoi. Praza do Obradoiro.

Santiago de Compostela. 15705

Tfno. 981 54 49 19

Email. [relacionsinstitucionais@xunta.gal](mailto:relacionsinstitucionais@xunta.gal)



Asinado dixitalmente por:

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 13/05/2025 10:38:40



**Asunto:** Remisión contestación parlamentaria.

En relación coa pregunta con resposta escrita, **número 23308**, formulada polo Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego a iniciativa de dona Montserrat Valcárcel Armesto e don Luis Bará Torres, sobre “**o incremento da superficie forestal ocupada por eucalipto, as medidas previstas pola Xunta de Galicia para controlar a súa plantación ilegal e a tramitación dunha eventual moratoria de novas plantacións ata 2030**”, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería do Medio Rural**, que ten o seguinte contido:

“A información que demanda esta iniciativa foi ofrecida ao Parlamento de Galicia en resposta á interpelación con número 13806 e debatida no Pleno do Parlamento de Galicia do 20 de novembro de 2024; á que nos remitimos porque ofrece información sobre as cuestións formuladas.

O debate pode ser consultado na seguinte ligazón:

[https://mediateca.parlamentodegalicia.gal/watch?  
id=ZmE3ODQ5ZmItNjh1ZS00YzYzLTk2MDctYTY2MzRmNTBhNDcy”](https://mediateca.parlamentodegalicia.gal/watch?id=ZmE3ODQ5ZmItNjh1ZS00YzYzLTk2MDctYTY2MzRmNTBhNDcy).

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias,

(*Documento asinado dixitalmente*)

Sandra Vázquez Domínguez

## PRESIDENTE PARLAMENTO DE GALICIA

**Dirección xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias**

Pazo de Raxoi. Praza do Obradoiro.

Santiago de Compostela. 15705

Tfno. 981 54 49 19

Email. [relacionsinstitucionais@xunta.gal](mailto:relacionsinstitucionais@xunta.gal)



Asinado dixitalmente por:

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 14/05/2025 9:42:38





XUNTA  
DE GALICIA

CONSELLERÍA DE  
PRESIDENCIA,  
XUSTIZA E DEPORTES



PARLAMENTO DE GALICIA  
REXISTRO XERAL ENTRADA  
Data asento: 14/05/2025 09:42:32  
Nº Rexistro: 25469  
Data envío: 14/05/2025 09:42:30,304  
Data 14/05/2025 09:42

**Asunto:** Remisión contestación parlamentaria.

En relación coa pregunta con resposta escrita, **número 23876**, formulada polo Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego a iniciativa de don Luis Bará Torres, sobre “**o atraso na creación dos grupos de emergencias supramunicipais de Moraña e A Lama**”, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Presidencia, Xustiza e Deportes**, que ten o seguinte contido:

“De acordo co previsto na Lei 5/ 2007, do 7 de maio, de Emerxencias de Galicia e na Lei 5/1997 de Administración local de Galicia e na propia Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases de Réxime Local (artigo 36), correspóndelles aos órganos de governo provinciais garantir a prestación do servizo de protección civil e xestión de emergencias, incluídos os servizos contra incendios e de salvamento, naqueles municipios que non contan con servizos propios, por non resultaren obligados ou por teren obtida a dispensa deles.

Entre as competencias que, no relativo ás relacións coas entidades locais galegas, corresponden á Xunta de Galicia, de acordo co disposto nos artigos 194 e 195 da Lei 5/1997, do 22 de xullo, de Administración local de Galicia, está a de cooperación e colaboración, podéndose levar a cabo mediante a subscrición de convenios.

Para dar cumprimento ao anterior, a Xunta de Galicia, as Deputacións e a Fegamp acordaron no ano 2013 a creación dos Grupos de Emerxencia Supramunicipais (GES) que complementan a atención das emergencias por parte dos parques de bombeiros municipais e comarcas e da extinción de incendios forestais por parte dos medios da Consellería do Medio Rural.

Trala renuncia do Concello de Valga a continuar sendo sede do GES desde o 1 de xaneiro de 2020, no ano 2021 o Concello de Moraña postulouse como nova sede. Nese ano tamén os Concellos da Cañiza e A Lama, se postularon para ser sedes de GES e mellorar a atención ás emergencias no interior de Pontevedra, o cal foi valorado positivamente pola Deputación de Pontevedra, competente para a prestación do servizo de protección civil e emergencias en concellos de menos de 20.000 habitantes.

Deste xeito, no texto do convenio para os anos 2022-2023 (posteriormente prorrogado para o ano 2024) tratado na comisión de seguimento dos GES -na que están representados a Xunta de Galicia, as Deputacións e a Fegamp- incluíronse estes concellos como posibles sedes de GES, condicionado a que realizasen a selección do persoal e asinasen a adhesión ao convenio.

#### Dirección xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

Pazo de Raxoi. Praza do Obradoiro.

Santiago de Compostela. 15705

Tfno. 981 54 49 19

Email. [relacioninstitucionais@xunta.gal](mailto:relacioninstitucionais@xunta.gal)





XUNTA  
DE GALICIA

CONSELLERÍA DE  
PRESIDENCIA,  
XUSTIZA E DEPORTES



PARLAMENTO DE GALICIA  
REXISTRO XERAL ENTRADA  
Data asento: 14/05/2025 09:42:32  
Nº Rexistro: 25469  
Data envío: 14/05/2025 09:42:32,304

Desde a creación dos GES a Xunta de Galicia, a pesar de non ter a competencia na prestación deste servizo, ademais de cofinanciar máis do 50% do custo de funcionamento, leva feito, e continúa a facer, un gran esforzo inversor para dotar a estes grupos do material necesario para a realización das súas funcións, co obxectivo de que todos contén con vehículo autobomba, equipos de excarceración e furgóns de servizos varios.

Por esta razón a Xunta de Galicia cedeulle aos diferentes concellos sede de GES, incluídos os concellos de Moraña e A Lama, un vehículo autobomba.

A cesión deste material responde aos criterios técnicos empregados en toda Galicia, baseados na cobertura territorial, o risco do territorio e as necesidades operativas. Toda vez que a constitución destes GES non chegou a termo e que no novo convenio GES asinado en decembro de 2024 xa non se inclúen os concellos de Moraña, A Cañiza e A Lama como posibles sedes GES, desde a Xunta de Galicia foilles requirida a devolución destes vehículos e iniciouse o procedemento de devolución dos mesmos á Comunidade”.

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias,  
(Documento asinado dixitalmente)

Sandra Vázquez Domínguez

## PRESIDENTE PARLAMENTO DE GALICIA

Dirección xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

Pazo de Raxoi. Praza do Obradoiro.

Santiago de Compostela. 15705

Tfno. 981 54 49 19

Email. [relacionsinstitucionais@xunta.gal](mailto:relacionsinstitucionais@xunta.gal)



Asinado dixitalmente por:

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 14/05/2025 9:42:32





**Asunto:** Remisión contestación parlamentaria.

En relación coa pregunta con resposta escrita, **número 23920**, formulada polo Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia a iniciativa de don Julio Ernesto Abalde Alonso, don Carlos López Font e dona Paloma Castro Rey, sobre “**as actuacións da Xunta de Galicia previstas no convenio de colaboración co Concello de Ferrol para a rehabilitación urbana da cidade, así como os prazos para a sinatura do devandito convenio e a súa posta en marcha**”, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **ConSELLERÍA de Vivenda e Planificación de Infraestruturas**, que ten o seguinte contido:

“A Xunta e o Concello de Ferrol asinaron o 4 de abril de 2025 o convenio de colaboración para o financiamento da execución do proxecto de rexeneración urbana da cidade. O prazo de execución do mesmo abrangue un período de 4 anos a partir da súa sinatura, os cales son susceptibles de prórroga por acordo unánime.

En canto ás actuacións da Xunta de Galicia, o convenio ten un orzamento estimado total de 12.000.000,00€, sendo a achega da administración autonómica de 9.000.000 € (un 75% do investimento total).

A CVPI financiará parte do proxecto destinada a obras de adecuación, rehabilitación e reurbanización, cun orzamento total estimado 10.135.563,76 €, polo que a contía da subvención outorgada representa o 88,80% de dito importe.

O Concello asume integralmente (100%) a parte destinada a adquisicións de solares e edificios (1.864.436,24 €) e o 11,20% da parte correspondente ás obras, o que ascende a 3.000.000 €, é dicir, o 25% do investimento total estimado.

O proxecto integra unha serie de intervencións urbanísticas, arquitectónicas e sociais que se centran en tres áreas prioritarias de intervención:

A adquisición de edificios, solo e a súa adecuación para transformalos en infraestruturas sociais, sanitarias e culturais.

A rehabilitación de edificios públicos para recuperar espazos emblemáticos co fin de promover actividades comunitarias e económicas.

A reurbanización de rúas, prazas e accesos, para renovar zonas urbanas críticas e garantir a conectividade e sostibilidade do tecido urbano.

No 2025 está prevista a adquisición de solares por parte do Concello e a licitación, polo mesmo, das obras de rehabilitación do centro cultural Carvalho Calero e dun equipamento social en Recimil para facer un espazo multiusos de uso comunitario; a reurbanización das rúas Rubalcava e Brasil; a mellora da estética e funcionalidade da rúa Real e a habilitación e adecuación de dúas parcelas do antigo polígono de tiro de Catabois para a dotación dun espazo público de lecer e esparexemento. Na financiación das devanditas actuacións de rehabilitación e reurbanización participará a Xunta mediante a achega sinalada”.

#### Dirección xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

Pazo de Raxoi. Praza do Obradoiro.

Santiago de Compostela. 15705

Tfno. 981 54 49 19

Email. [relacionsinstitucionais@xunta.gal](mailto:relacionsinstitucionais@xunta.gal)



O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias,  
(*Documento asinado dixitalmente*)

Sandra Vázquez Domínguez

## PRESIDENTE PARLAMENTO DE GALICIA

**Dirección xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias**

Pazo de Raxoi. Praza do Obradoiro.

Santiago de Compostela. 15705

Tfno. 981 54 49 19

Email. [relacionsinstitucionais@xunta.gal](mailto:relacionsinstitucionais@xunta.gal)



Asinado dixitalmente por:

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 09/05/2025 11:10:13





XUNTA  
DE GALICIA

CONSELLERÍA DE  
PRESIDENCIA,  
XUSTIZA E DEPORTES



PARLAMENTO DE GALICIA  
REXISTRO XERAL ENTRADA  
Data asento: 15/05/2025 11:30:16  
Nº Rexistro: 25556  
Data envío: 15/05/2025 11:30:16.801  
Data 15/05/2025 11:30

**Asunto:** Remisión contestación parlamentaria.

En relación coa pregunta con resposta escrita **número 23942**, formulada polo Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, a iniciativa de dona Paloma Castro Rey e dona Patricia Iglesias Rey, sobre "a postura e as previsiones da Xunta de Galicia ante a demanda dunha modificación do servizo de garda do persoal médico forense do Instituto de Medicina Legal de Galicia", teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Presidencia, Xustiza e Deportes**, que ten o seguinte contido:

"Precisamente porque o Goberno galego entende que os médicos forenses realizan unha actividade esencial na Administración de Xustiza é polo que incrementou, no ano 2017, o número de médicos por quenda de garda, en máis dunha subdirección. Coa posibilidade, ademais, de agruparse tres médicos forenses para facer as quendas de 12 horas día/noite con descanso as 12 horas seguintes, os 7 días consecutivo ou por territorios, agrupando varios partidos xudiciais.

A heteroxeneidade das Subdireccións motivou á Administración galega a facer un estudo sobre a situación e a carga de traballo deste colectivo, co fin de actualizar o Decreto de creación do Imelga do ano 2005 ao novo regulamento dos Institutos de Medicina Legal do ano 2023, cuxa tramitación xa se iniciou.

Salientar, en último lugar, que os médicos forenses en Galicia son os únicos en todo o territorio nacional que teñen desenvolvida a carreira profesional, o que supón un incremento considerable nas súas nóminas".

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias,

(*Documento asinado dixitalmente*)

Sandra Vázquez Domínguez

## PRESIDENTE DO PARLAMENTO DE GALICIA

Dirección xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias  
Pazo de Raxoi. Praza do Obradoiro.  
Santiago de Compostela. 15705  
Tfno. 981 54 49 19  
Email. [relacionsinstitucionais@xunta.gal](mailto:relacionsinstitucionais@xunta.gal)



Asinado dixitalmente por:

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 15/05/2025 11:30:16





XUNTA  
DE GALICIA

CONSELLERÍA DE  
PRESIDENCIA,  
XUSTIZA E DEPORTES



PARLAMENTO DE GALICIA  
REXISTRO XERAL ENTRADA  
Data asento: 14/05/2025 09:42:23  
Nº Rexistro: 25468  
Data envío: 14/05/2025 09:42:23,492  
Data 14/05/2025 09:42

**Asunto:** Remisión contestación parlamentaria.

En relación coa pregunta con resposta escrita, **número 24144**, formulada polo Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego a iniciativa de don Luis Bará Torres, sobre “**o polígono agroforestal de San Miguel de Valga e a postura da Xunta de Galicia respecto da continuación da súa tramitación**”, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería do Medio Rural**, que ten o seguinte contido:

“Toda a información dispoñible sobre o Polígono Agroforestal de San Miguel de Valga está publicada na páxina web da Axencia Galega de Desenvolvemento Rural e pode ser consultada na seguinte ligazón:

<https://agader.xunta.gal/gl/recuperacion-de-terras/poligonos-agroforestais/san-miguel>”.

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias,

(*Documento asinado dixitalmente*)

Sandra Vázquez Domínguez

## PRESIDENTE PARLAMENTO DE GALICIA

**Dirección xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias**

Pazo de Raxoi. Praza do Obradoiro.

Santiago de Compostela. 15705

Tfno. 981 54 49 19

Email. [relacionsinstitucionais@xunta.gal](mailto:relacionsinstitucionais@xunta.gal)



Asinado dixitalmente por:

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 14/05/2025 9:42:22





XUNTA  
DE GALICIA

CONSELLERÍA DE  
PRESIDENCIA,  
XUSTIZA E DEPORTES



PARLAMENTO DE GALICIA  
REXISTRO XERAL ENTRADA  
Data asento: 09/05/2025 11:10:06  
Nº Rexistro: 25236  
Data envío: 09/05/2025 11:10:06.773  
Data: 09/05/2025 11:10

**Asunto:** Remisión contestación parlamentaria.

En relación coa pregunta con resposta escrita, **número 24384**, formulada polo Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego a iniciativa de dona Mercedes Queixas Zas, sobre “**a negativa da Xunta á declaración da Coruña como zona tensionada aos efectos da Lei de Vivenda**”, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **ConSELLERÍA de Vivenda e Planificación de Infraestruturas**, que ten o seguinte contido:

“A Xunta está a cumplir coa Lei e non está a poñer obstáculo algúun para a declaración de zonas tensionadas.

A solicitude de zona tensionada de calquera concello que chegue acompañada coa documentación correspondente, tramitarase se cumpre os requisitos. No caso da Coruña, único municipio galego que de momento solicitou a declaración, a Xunta respondeu ao Concello con axilidade, en apenas 15 días (cando o prazo é de seis meses) solicitándolle documentación.

En canto envíe a información para completar a solicitude e corrixa os erros detectados, a Xunta analizará de novo coa maior axilidade a solicitude e quedará resolta a declaración.

O Goberno galego considera que a declaración de zonas tensionadas non é unha medida eficaz para solucionar o problema do prezo da vivenda, o que non quere dicir que non vaia cumplir coas súas responsabilidades nesta materia”.

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias,

(*Documento asinado dixitalmente*)

Sandra Vázquez Domínguez

## PRESIDENTE PARLAMENTO DE GALICIA

**Dirección xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias**

Pazo de Raxoi. Praza do Obradoiro.

Santiago de Compostela. 15705

Tfno. 981 54 49 19

Email. [relacionsinstitucionais@xunta.gal](mailto:relacionsinstitucionais@xunta.gal)



Asinado dixitalmente por:

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 09/05/2025 11:10:06





XUNTA  
DE GALICIA

CONSELLERÍA DE  
PRESIDENCIA,  
XUSTIZA E DEPORTES



PARLAMENTO DE GALICIA  
REXISTRO XERAL ENTRADA  
Data asento: 09/05/2025 11:09:55  
Nº Rexistro: 25235  
Data envío: 09/05/2025 11:09:55,945  
Data 09/05/2025 11:09

**Asunto:** Remisión contestación parlamentaria.

En relación coa pregunta con resposta escrita, **número 24444**, formulada polo Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia a iniciativa de don Julio Ernesto Abalde Alonso, dona Silvia Longueira Castro e don Carlos López Font, sobre "**a postura e medidas que prevé adoptar a Xunta de Galicia ante a solicitud de zona tensionada presentada polo Concello da Coruña para limitar o incremento do prezo do aluguer e en colaboración con dito Concello e o Goberno central**", teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Vivenda e Planificación de Infraestruturas**, que ten o seguinte contido:

"A Xunta está a cumplir coa Lei e non está a poñer obstáculo algúns para a declaración de zonas tensionadas.

A solicitud de zona tensionada de calquera concello que chegue acompañada coa documentación correspondente, tramitarase se cumple os requisitos. No caso da Coruña, único municipio galego que de momento solicitou a declaración, a Xunta respondeu ao Concello con axilidade, en apenas 15 días (cando o prazo é de seis meses) solicitándolle documentación.

En canto envíe a información para completar a solicitud e corrixa os erros detectados, a Xunta analizará de novo coa maior axilidade a solicitud e quedará resolta a declaración.

O Goberno galego considera que a declaración de zonas tensionadas non é unha medida eficaz para solucionar o problema do prezo da vivenda, o que non quere dicir que non vaia cumplir coas súas responsabilidades nesta materia".

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias,

(*Documento asinado digitalmente*)

Sandra Vázquez Domínguez

## PRESIDENTE PARLAMENTO DE GALICIA

Dirección xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

Pazo de Raxoi. Praza do Obradoiro.

Santiago de Compostela. 15705

Tfno. 981 54 49 19

Email. [relacionsinstitucionais@xunta.gal](mailto:relacionsinstitucionais@xunta.gal)



Asinado dixitalmente por:

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 09/05/2025 11:09:55





**Asunto:** Remisión contestación parlamentaria.

En relación coa pregunta con resposta escrita, **número 24854**, formulada polo Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego a iniciativa de don Secundino Fernández Fernández, sobre **"a situación actual do edificio da praza de abastos de Viana do Bolo, rehabilitado a través do Plan Hurbe pola Consellería de Medio, Ambiente, Territorio e Vivenda"**, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Vivenda e Planificación de Infraestruturas**, que ten o seguinte contido:

"O 13/04/2022 a Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda e o Concello de Viana do Bolo subscribiron un acordo de cooperación para acometer e incorporar ao patrimonio público municipal as obras consistentes na rehabilitación integral da praza de abastos.

Cómpre lembrar que a Xunta puxo en marcha o Plan HURBE hai 15 anos, co fin de acometer actuacións orientadas a frear o despoboamento, potenciando as infraestruturas, servizos e equipamentos e mellorando o benestar e a calidade de vida dos seus habitantes.

Nese sentido, a recuperación da praza de abastos de Viana do Bolo é unha actuación acorde cos obxectivos deste programa, ao mellorar os equipamentos e as dotacións, aumentando a variedade e elevando os niveis dos servizos existentes no municipio.

A rehabilitación integral que se propón neste proxecto ten por obxectivo recuperar este edificio público e xerar espazos acondicionados e de calidade que permitan que se desenvolva de novo o comercio no seu interior, actividades sociais e que sirva aos servizos municipais configurándose como un edificio de usos múltiples que sirva como punto de encontro para a veciñanza e para poñer en valor a calidade dos produtos da nosa terra.

As prazas de abastos son un dos axentes dinamizadores máis importantes no ámbito do comercio de proximidade. Constitúen infraestruturas clave do territorio galego. Máis aló da súa función comercial, estes espazos articulan a vida cotiá das vilas e cidades, conectando produción e consumo, o rural e o urbano, o pasado e o presente.

Este papel fundamental das prazas de abastos ponse de manifesto no Plan Estratégico do comercio de Galicia 2025-2030, que as reflicte como espazos comerciais clave no eido do produto fresco, destacando polo seu producto e pola confianza que xera a súa orixe e a relación persoal das persoas comerciantes coa clientela.

#### Dirección xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

Pazo de Raxoi. Praza do Obradoiro.

Santiago de Compostela. 15705

Tfno. 981 54 49 19

Email. [relacionsinstitucionais@xunta.gal](mailto:relacionsinstitucionais@xunta.gal)



A través dos mercados e as prazas de abastos canalízase o consumo dos produtos km 0, produtos de alta calidad e cun alto compoñente de sostibilidade, non só pola proximidade ao lugar de producción, senón pola súa importancia á hora de fixar poboación no rural e manter as terras cultivadas. Contar cun mercado de calidade incide tamén na defensa da excelencia dos nosos produtos.

A obra de rehabilitación da praza de abastos para mercado e locais sociais adxudicouse por un importe de 590.558,65 €, IVE engadido.

A acta de recepción de conformidade pola consellería promotora das obras asinouse o 22/12/2022. Posteriormente, en cumprimento da cláusula segunda, a obra cedéuselle ao Concello mediante escrito do 28/02/2024, momento no que xorden as súas obrigas de explotación, mantemento e conservación.

Con data do 15/07/2024 o Concello de Viana do Bolo fixo efectivo o ingreso no Tesouro da cantidade correspondente ao 30% do investimento total realizado, polo que non queda pendente de cumprimento ningunha das obrigas derivadas do acordo de cooperación para as administracións asinantes”.

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias,  
(*Documento asinado dixitalmente*)

Sandra Vázquez Domínguez

## PRESIDENTE PARLAMENTO DE GALICIA

**Dirección xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias**

Pazo de Raxoi. Praza do Obradoiro.

Santiago de Compostela. 15705

Tfno. 981 54 49 19

Email. [relacionsinstitucionais@xunta.gal](mailto:relacionsinstitucionais@xunta.gal)



Asinado dixitalmente por:

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 14/05/2025 9:43:24



# ESTRUTURA DO BOLETÍN OFICIAL DO PARLAMENTO DE GALICIA

## 1. PROCEDEMENTOS PARLAMENTARIOS

### 1.1. PROCEDEMENTOS DE NATUREZA NORMATIVA

- 1.1.1. NORMAS APROBADAS
- 1.1.2. PROPOSTAS DE NORMAS

### 1.2. PROCEDEMENTOS ESPECIAIS DE CARÁCTER INSTITUCIONAL

- 1.2.1. INVESTIDURA
- 1.2.2. MOCIÓN DE CENSURA
- 1.2.3. CUESTIÓN DE CONFIANZA

### 1.3. PROCEDEMENTOS DE CONTROL E IMPULSO

- 1.3.1. CONTROL SOBRE AS DISPOSICIÓNNS DA XUNTA CON FORZA DE LEI
- 1.3.2. COMUNICACIÓNNS DA XUNTA DE GALICIA
- 1.3.3. EXAME DE PROGRAMAS E PLANS
- 1.3.4. ACORDOS, RESOLUCIÓNNS OU PROPOSTAS DE COMISIÓNNS ESPECIAIS OU DE INVESTIGACIÓN
- 1.3.5. MOCIÓNNS
- 1.3.6. PROPOSICIÓNNS NON DE LEI
- 1.3.7. OUTRAS PROPOSTAS DE RESOLUCIÓN E ACORDOS
- 1.3.8. PROCEDEMENTOS DE CONTROL ECONÓMICO E ORZAMENTARIO

### 1.4. PROCEDEMENTOS DE INFORMACIÓN

- 1.4.1. INFORMACIÓNNS REMITIDAS POLA XUNTA DE GALICIA
- 1.4.2. SOLICITUDES DE COMPARECENCIA
- 1.4.3. INTERPELACIÓNNS
- 1.4.4. PREGUNTAS
- 1.4.5. RESPOSTAS A PREGUNTAS
- 1.4.6. SOLICITUDES DE DATOS, INFORMES E DOCUMENTOS DE DEPUTADOS E DE COMISIÓNNS
- 1.4.7. RECONVERSIÓNNS POR FINALIZACIÓN DO PERÍODO DE SESIÓNNS

### 1.5. PROCEDEMENTOS RELATIVOS A OUTRAS INSTITUCIÓNNS E ÓRGANOS

- 1.6. PROCEDEMENTOS DE ELECCIÓN, DESIGNACIÓN E PROPOSTA DE NOMEAMENTO
- 1.7. PROCEDEMENTOS RELATIVOS AO DEREITO DE PETICIÓN

## 2. ELECCIÓN E COMPOSICIÓN DO PARLAMENTO, RÉXIME E GOBERNO INTERIOR, ORGANIZACIÓN E FUNCIONAMENTO

### 2.1. ELECCIÓN DO PARLAMENTO

### 2.2. COMPOSICIÓN DO PARLAMENTO E DOS SEUS ÓRGANOS

### 2.3. RÉXIME E GOBERNO INTERIOR

### 2.4. ORGANIZACIÓN E FUNCIONAMENTO DO PARLAMENTO


## 3. ADMINISTRACIÓN DO PARLAMENTO DE GALICIA

## 4. INFORMACIÓNNS E CORRECCIÓNNS DE ERROS

### 4.1. INFORMACIÓNNS

### 4.2. CORRECCIÓNNS DE ERROS





**PARLAMENTO  
DE GALICIA**

**BOLETÍN OFICIAL DO  
PARLAMENTO DE GALICIA**

Edición e subscricións:

Servizo de Publicacións do Parlamento de Galicia. Hórreo, 63. 15702. Santiago de Compostela.  
Telf. 981 55 13 00. Fax. 981 55 14 25  
Dep. Leg. C-155-1982. ISSN 1133-2727

